



Parlamento das Letras: Emma Pedreira

Publicado o [03/04/2013](https://armandorequeixo.wordpress.com/2013/04/03/parlamento-das-letras-emma-pedreira/)

<https://armandorequeixo.wordpress.com/2013/04/03/parlamento-das-letras-emma-pedreira/>

A poética de Emma Pedreira é como unha inmensa rede de metro: van as liñas dun lado a outro fatigando as estacións textuais, inzadas de paradas pequenas, grandes e medianeiras, con algúns nódulos nos que transbordar, poucas estacións termo e múltiples conexións e enlaces.

O amor, salvífico e terrible a un tempo; a morte, o acabamento da desaparición persoal, comunal ou da ruína das raíces; o corpo, as súas leis, as que o liberan e o oprimen, cousificacións e celebracións gozosas; as orixes, as matrias e ancoradoiros; a dor, a monstruosidade, os excesos velenarios, a animalidade; as ausencias, os ocos, as eivas; o tempo e as súas rutinas, o paso dos trens que se ven marchar; Eros e as súas delicias, a conciencia da habitar(se) lúbrica, enérxica, vitalmente. Todos eses trens subterráneos que percorren os seus libros levándonos ás máis lonxincuas estacións, aos máis próximos apeadeiros.

Poesía si, mais tamén narrativa, algún escrito ensaístico e teatral e premios e máis premios, talleres literarios, recitais e parladoiros nunha sucesión vertixinosa que fan desta autora unha das máis activas e brillantes da súa xeración. Unha voz intensa e plurívoca que quixo nos acompañar para dicir do seu e do noso mundo.

—Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Os primeirísimos de todo viñeron da autoedición, a mediados dos 90, das follas voandeiras *PolpA* e *Alentía* que publicabamos no Colectivo Poético Humilladoiro. Logo chegaron *Dorna*, *A Xanela*, *Alquimia* e un cento máis de publicacións. Despois xa chegou o meu primeiro libro, o *Diario Bautismal dunha Anarquista Morta*.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Curiosamente o meu libro *Xoguetes póstumos* foi o que máis se recensionou nos medios e se promocionou en recitais; aínda hoxe a Asociación Caldeirón, que promove o Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas que recibiu ese libro, segue a mimar todas as publicacións que sacaron con motivo do premio a través de recitais nos que todos os libros, do primeiro ao último, seguen a vivir e ser lidos.

O de menor fortuna, e moi decepcionante para min polo carga de traballo que levou o libro en si e pese a ser o que recibiu un premio maior, foi *Antítese da ruína*, premio Caixanova. Supoño que a falta de promoción, o comezo da crise, a publicación en verán do libro e, sobre todo, os cambios que se produciron na entidade convocante, fixeron que non houbera presentacións, recensións, que non se enviara a todos os medios posibles... Aínda que supoño que o desleixo foi o maior problema neste caso. Estes dous poemarios, en materia de edición, son dous exemplos de que ás veces as cousas sinxelas pero feitas con sentido e conviccións funcionan moito mellor.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Si, son totalmente dixital, non podo escribir a man, os textos manuscritos desbótoos por non identificarme con eles e a computadora permíteme ser máis rápida, limpa e automática. A estas alturas son incapaz da manufactura. Ademais, preciso estar illada, en silencio e durante as horas que faga falta sen interrupcións até concluír un texto.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Teño un absoluto respecto por todo o que se fai, todo resulta interesante e unha fonte de aprendizaxe, así que estar rodeada de quen sente coma min este oficio é xa algo gratificante. Pero tamén gusto das antoloxías de corte xeracional, xa que cos autores dos 90 gardo afinidades temáticas, sobre todo coas autoras. E por interese e admiración persoais Eva Veiga, Pilar Pallarés, Ana Romaní ou Xela Arias.

Pero algo pendente para min é deixar de ser tratada unicamente como poeta e poder figurar nalgunha antoloxía de narrativa.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Pois gustaríame dicir que sempre fixen —e fago— as cousas tratando de aprender, que cada libro que escribín leva detrás centos de obras lidas, de viaxes, de sensacións, de persoas e feitos reais que pasaron por min e que cada poema ou cada texto foi unha porta á vida. Que escribo para sentir a través das cousas e das palabras e que o día que esa hiperestesia deixe de atacarme ao escribir deixarei de facelo.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Cunqueiro, Dickinson e Shakespeare. Para min todo está aí, son a miña escola.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Non creo que falte nada porque non tratamos de facer unha comparativa nin unha competencia con ningún outro sistema literario. A literatura galega é para min un absoluto, un principio e un fin en si mesma e, se cadra, nesa cerrazón si existen vezos e grallas a ter en conta, como o embiguisimo, o ensimesmamento e endogamia e, talvez, unha profunda afectación —sobre todo no eido da poesía—. Se teño que buscar algo que falte realmente é a proxección e a promoción exterior de máis autores, o que aumentaría a nosa visibilización e poder entrar a compararnos con outros sistemas literarios.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Aínda que todos os escritores temos ese afán de perdurabilidade que por falsa modestia tratamos de disipar, non me angustia o feito de deixar algo inacabado ou sequera sen comezar. Non busco crear unha *opera omnia* perfecta e pechada e, por veces, deixo cousas a medio facer

por ver como resisten o paso do tempo e o distanciamento. Tratei de escribir todo o que me apeteceu en cada momento e en ocasións abandonei proxectos porque non tiña o tempo suficiente ou o mesmo interese que nos inicios, pero tampouco volvo a eles cando o teño. Fixen centos de textos desbotados que nunca chegarán a ser nada e ducias de intentos de ir cara á novela outra vez, cara ao eido infantil ou cara ao teatro. Non é que non me perdoe non ter feito tal ou cal cousa, o único que non me perdoo é a falta de constancia para seguir adiante.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Penso que hai de todo, como en cada momento e en cada lugar, hai negras sombras, cansazo, crebas doutros tempos, mortes súbitas de proxectos consolidados e estancamentos, pero sempre digo o mesmo: se hai ganas, hai futuro. E as ganas, o interese, a loita, vense a cada paso.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

(..)